

ORDENANZA REGULADORA DO USO DE HORTAS MUNICIPAIS CONSTITUÍDAS EN ESPAZOS PÚBLICOS E DO OUTORGAMENTO DAS SÚAS AUTORIZACIÓNS DE USO

O Concello de Santiago de Compostela, ao abeiro do disposto na Lei Reguladora das Bases do Réxime Local así como na Lei de Patrimonio das Administracións Públicas, Regulamento de Bens das Corporacións Locais e demais disposicións aplicábeis, procede a regular o uso das parcelas habilitadas para hortas en espazos municipais de uso público preparados ao efecto co fin de garantir unha correcta xestión destes espazos, o seu axeitado mantemento así como o das instalacións colindantes e o establecemento dunha xestión substentábel.

Trátase dun programa social que pretende proporcionar á veciñanza de Compostela, nomeadamente ás persoas maiores, un xeito de ocupar dun xeito sán o seu tempo de lecer ao tempo que contribúen ao mantemento e diversificación dos aproveitamentos dos parques e doutros espazos públicos.

A autorización do uso non estará suxeita a taxa dado o seu carácter social, non levar aparellada utilidade económica para a persoa autorizada e, no caso de se producir, ser totalmente irrelevante

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1º.- Obxecto.

A presente normativa ten como obxecto o establecemento das disposicións que han rexer a autorización e uso das hortas en espazos de uso público municipais habilitados ao efecto, e as súas disposicións obrigan tanto aos/ás usuarios/as como ao Concello de Santiago de Compostela.

Artigo 2º.- Ámbito de aplicación.

Estas normas aplícanse a todas aquelas propiedades do Concello de Santiago de Compostela habilitadas nos espazos públicos municipais para uso hortícola.

Artigo 3º.- Competencias e vixilancia.

1. Corresponde ao Concello de Santiago de Compostela o exercicio das funcións técnica, de asesoramento, de vixilancia e sancionadora do correcto uso dos terreos de propiedade municipal afectados por esta normativa, sendo os usuarios responsábeis do seu correcto uso e dos danos efectuados nos mesmos e nas súas instalacións e nos elementos empregados sexan de titularidade municipal ou propia das persoas usuarias. Polo que o Concello non se fará responsábel dos danos ocasionados nas hortas e nas súas instalacións nin da desaparición e danos sufridos nos elementos que os/as usuarios/as empregan con ocasión do seu uso, nin dos danos que poidan ocasionarse a terceiros.
2. A función técnica incluírá a elaboración e/ou aprobación de proxectos de explotación de hortas, o asesoramento ás persoas concesionarias así como da conservación, reparación e mantemento das hortas e das infraestruturas ligadas ás mesmas.
3. A vixilancia do cumprimento da normativa efectuarase polo persoal da Concellaría de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostíbel, a Policía Local ou por calquera outro medio que o Concello designe ou estableza ao efecto, e o seu principal labor será a inspección do correcto uso e aproveitamento das parcelas e as infraestruturas ligadas a elas.
4. O persoal encargado da vixilancia poderá formular denuncias das infraccións que se produzan, identificando ás persoas que infrinxen, se é que son coñecidas, e os datos relativos á infracción.

CAPÍTULO II. REGULACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS PARA A CONCESIÓN DE USO DAS HORTAS MUNICIPAIS.

Artigo 4º.- Procedemento de solicitude.

As persoas interesadas deberán achegar a seguinte documentación no prazo que se estableza consonte cos prazos e termos da convocatoria aprobada pola Xunta de Goberno Local:

- Instancia na que se solicita formar parte do concurso para a autorización dunha das hortas e na que se autoriza ao Concello a comprobar de oficio que a persoa solicitante esta dada de alta no padrón municipal.
- DNI do/a solicitante.
- De ser o caso, documento acreditativo da condición de persoa xubilada ou prexubilada.

Artigo 5º.- Criterios para a autorización do (e) uso de hortas.

1. Toda persoa veciña de Santiago de Compostela terá dereito a ser usuaria das hortas municipais ás a que se refiren estas Bases. Non obstante, á hora da adxudicación, terán preferencia por orde de prelación:

a) As persoas veciñas do barrio e da contorna do espazo público municipal habilitado para hortas que estean xubiladas ou prexubiladas.

De ser maior o número de solicitantes que o de hortas, estas hanse adxudicar mediante sorteo.

No caso de que non se cubran as hortas coas persoas que reúnan as condicións citadas no apartado anterior, a orde de prelación será a seguinte:

b) As persoas que estean xubiladas ou prexubiladas.

c) As persoas veciñas do barrio e da contorna do espazo público municipal habilitado para hortas

d) As persoas veciñas de calquera outro barrio de Santiago de Compostela.

De ser maior o número de solicitantes que o de hortas, estas hanse adxudicar mediante sorteo por grupos de prelación.

2. Cada persoa concesionaria, só poderá ser usuaria dunha horta.

Artigo 6.- Sistema de adxudicación da autorización.

1. Unha Comisión designada pola Concellaría de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostíbel e constituída por técnicos/as desta área será a encargada de avaliar as solicitudes formuladas.

2. A adxudicación da autorización correspóndelle á Xunta de Goberno Local a proposta da Concelleira de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostíbel.

3. A adxudicación das parcelas ás persoas adxudicatarias correspóndelle ao Concello quen poderá optar polo sorteo ou outro criterio que considere acaído.

4. A efectos de autorización, dous ou máis membros dunha mesma unidade familiar, considéranse como un mesmo usuario e/ou concesionario. Unha horta pode estar ao coidado de varias persoas sempre que haxa mutuo acordo entre elas.

5. O uso das hortas concederáse, en todo caso, a título de autorización demanial en precario e por un período máximo de dous anos, período que pode ser renovábel. En consecuencia, o Concello, poderá acordar, en calquera momento, a revogación da autorización de uso concedida, a cuxo efecto, o/a usuario/a deberá cesar no uso e actividades desenvolvidas no terreo cedido, a simple requirimento da Administración, e sen dereito a indemnización de ningunha clase, nin compensación económica por ningún concepto. A este respecto, á finalización do prazo de autorización ou á resolución anticipada da mesma, de se chegar a producir, a persoa usuaria deberá devolver a horta cedida ao Concello en debidas condicións de uso, deixándoa baleira e á súa libre disposición, quedando expresamente facultado o Concello de Santiago de Compostela para declarar en por si a extinción de calquera dos dereitos de uso que existisen constituídos sobre as hortas cedidas, ou relativos á ocupación das mesmas, podendo, en consecuencia, o Concello, recuperar a súa posesión en vía administrativa, acordando e executando por si, o desafuzamento administrativo consonte coas normas contidas no Regulamento de Bens das Corporacións Locais.

Coa resolución pola que se outorgan as referidas autorizacións entenderase que a autorización queda formalizada. Nesta resolución e -sen prexuízo das estipulacións que figuran nesta Ordenanza- faranse constar cando menos o seguinte:

- a) O réxime de uso do ben ou dereito.
- b) O réxime económico a que queda suxeita a autorización.
- c) A garantía a prestar, no seu caso.
- d) A asunción dos gastos de conservación e mantemento, impostos, taxas e demais tributos, así como o compromiso de utilizar o ben segundo a súa natureza e de entregalo no estado en que se recibe.
- e) O compromiso de previa obtención á súa costa de cantas licenzas e permisos requira o uso do ben ou a actividade a realizar sobre o mesmo.
- f) A asunción da responsabilidade derivada da ocupación, con mención, no seu caso, da obrigatoriedade de formalizar a oportuna póliza de seguro, aval bancario, ou outra garantía suficiente.
- g) A aceptación da revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público en calquera momento, sen xerar dereito a indemnización, cando resulten incompatíbeis coas condicións xerais aprobadas con

posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral.

h) A reserva por parte do concello da facultade de inspeccionar o ben obxecto de autorización, para garantir que se uso se axusta aos termos da autorización.

6. Manterase unha lista de agarda coas solicitudes de usuarios/as segundo as tipoloxías, orde de sorteo e, de ser o caso, cronolóxica de presentación da solicitude. A autorización de uso das hortas efectuarase seguindo tal lista, de se producir algunha das situacións especiais establecidas por esta Normativa, ou pola Xunta de Goberno Local.

7. As listas hanse renovar bianualmente coincidindo coa convocatoria de autorización.

CAPÍTULO III. REGULACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS PARA USO DAS HORTAS.

Artigo 7º- Uso das hortas.

1. O/a usuario/a só poderá utilizar ou destinar o terreo que se concede, para uso de horta, e ao que se especifique polo concello, no resto de casos.

2. Aínda que se permita a plantación de froiteiras, este aproveitamento só se efectuará polos bordos da parcela, e en todo caso, ocupando unha superficie inferior ao 25% da parcela.

3. En ningún momento se permitirá o uso, cría ou explotación de calquera animal nas hortas.

4. Queda expresamente prohibida a construción de cabanas, pozos, invernadoiros ou realizar calquera outro tipo de investimento que non poida ser retirado ao final da campaña.

5. O/a usuario/a da horta será responsábel do mantemento e coidado das instalacións inherentes á horta, así como daquelas que sexan de uso común para os usuarios da zona.

6. No momento de entrega da horta determinaranse as instalacións que haxan de ser consideradas inherentes á mesma, a fin de garantir que as mesmas se encontren en perfecto estado no momento de producirse a baixa, por calquera causa,

sendo a antiga persoa usuario/a responsábel da falta de elementos das instalacións, así como, dos danos e/ou prexuízos que puidesen existir sobre os mesmos.

7. Non está permitida a instalación de elementos que deteriorenen a paisaxe, ou que alteren as instalacións existentes, agás nos casos recollidos no establecemento de agricultura ecolóxica, e baixo autorización municipal.

8. De forma regular, e como máximo, anualmente, vixiarase o uso que se realice das hortas, ben pola policía municipal, ben por persoal do Departamento, non sendo necesario o aviso previo ao usuario.

9. Cando o informe de inspección sobre o estado dunha horta ou terreo en cuestión, a que se refire o apartado anterior, sexa negativo ou desfavorábel durante dúas ocasións ao longo da autorización, producirase a revogación do uso, sendo iso, motivo de baixa, aínda que se realice a correspondente solicitude de continuación por parte do usuario.

10. Con anterioridade á finalización do prazo de autorización, o usuario que desexe seguir usando da horta durante un novo período anual, deberá presentar nova solicitude por escrito ante o Concello, durante o mes de xaneiro do ano en curso.

Artigo. 8º.- Mantemento de límites e accesos.

1. En todo momento respectaranse os límites de horta establecidos polo Concello.
2. Entre os límites de parcelas de hortas poderanse construír uns canos que ademais de servir para delimitar as mesmas, o seu obxecto principal será o posíbel desaugadoiro dos terreos.
3. As parcelas destinadas a hortas permanecerán abertas sen que se permita pechalas entre elas con estacas ou outros elementos.
4. O usuario será responsábel do correcto estado de accesos á horta, debendo levar a cabo o mantemento regular que este requira.
5. Os horarios de apertura e peche hanse respectar escrupulosamente.

6. Non se poden deixar desperdicios orgánicos ou inorgánicos fóra dos sitios establecidos nin marchar da horta sen deixar a auga pechada.

Artigo 9º.- Transferencias de usuarios.

1. O uso dos terreos non poderá transferirse nin/ou cederse a un terceiro, baixo ningún concepto. Así mesmo, queda prohibido permitir a outro a ocupación ou utilización total ou parcial dos terreos, nin sequera provisionalmente. O incumprimento destas obrigacións, determinará a extinción automática da autorización, quedando facultado o Concello para recuperar en por si a posesión do terreo.

2. É motivo de baixa o abandono da horta por un mes ou o falecemento do usuario, quedando a horta a libre disposición do Concello.

Artigo 10º.- Prazo de aproveitamento.

O aproveitamento e/ou uso do terreo concederáse por un máximo de dous (2) anos, a contar dende o día seguinte ao da notificación da resolución da autorización, podendo prorrogarse anualmente até un máximo de catro (4) anos, debendo a persoa interesada en continuar coa autorización solicitar a prórroga anualmente e antes do cumprimento do prazo.

Artigo 11º.- Uso e mantemento das instalacións comúns.

Os/as usuarios/as da zona deberán constituírse como agrupación, comunidade ou similar, de tal forma que en todo momento se dispoña dun interlocutor responsábel ante o Concello.

Os/as usuarios/as das hortas serán responsábeis de forma solidaria do mantemento e correcto estado de operatividade, decoro e seguridade das instalacións.

As persoas usuarias de hortas que non cumpran coas súas obrigacións dentro da agrupación, comunidade ou similar, ademais de sufrir as responsabilidades xurídicas que procedan, poderán ser dadas de baixa como usuario das hortas.

Prohíbese o estacionamento de vehículos dentro de todas as instalacións (hortas, camiños de repartición, zona de servizos, etc), agás no espazo destinado para iso fóra das hortas.

Artigo 12º.- Uso da auga para rega.

1. Non se poderá proceder á alteración, manipulación ou modificación da instalación de rega existente sen autorización municipal, sendo, o seu incumprimento, motivo de baixa.
2. Cada usuario/a disporá unicamente da auga diaria que lle sexa asignada, non podendo coller auga de calquera outro/a usuario/a sen a súa autorización deste, nin podendo tomar da rede por punto distinto ao correspondente á súa horta.
3. Queda totalmente prohibida a alteración da frecuencia de apertura de válvulas dende o depósito sen autorización municipal.

Artigo 13º.- Promoción da horticultura ecolóxica.

1. O Concello promoverá o uso da horticultura ecolóxica, mediante formación e apoio aos interesados, así como mediante o establecemento de medios materiais que fomenten o seu uso.
2. Tódalas persoas usuarias das hortas deberán cumprir as posíbeis condicións que neste sentido estableza o Concello, como a plantación de especies arbustivas determinadas, ou a realización de certos labores culturais, abonos naturais, prohibición do uso de certos herbicidas, produtos fitosanitarios, etc.
3. Co fin de fomentar a agricultura ecolóxica, o Concello poderá autorizar o establecemento de viveiros ou instalacións semellantes, que en ningún caso superen, 0,5 metros de altura, nin os dous metros cadrados de superficie.

Artigo 14º.- Causas de resolución da autorización.

Sen prexuízo dos supostos contemplados nos artigos precedentes, constituirán causas expresas de resolución da autorización, as seguintes:

1. Baixa voluntaria a petición do propio usuario.
2. Falecemento ou invalidez do usuario.
3. Posuír informe de inspección desfavorábel e non ter solicitado en prazo a renovación de uso.
4. Posuír informe de inspección desfavorábel por dúas veces durante a autorización.

5. Non realizar a solicitude de renovación, no prazo establecido, tras a convocatoria ou requirimento específico municipal
6. Revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público en calquera momento, sen xerar dereito a indemnización cando resulten incompatíbeis coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral.
7. Transferencia ou cesión do uso do terreo a un terceiro sen autorización municipal.
8. Negativa a colaborar na realización das inspeccións municipais.
9. Non constituírse como membro da Comunidade ou Agrupación en Zona Ordenada de Hortas, nin cumprir coas obrigacións que, como membro da mesma, lle competan.
10. Proceder á alteración, manipulación ou modificación da rega existente sen a autorización municipal.
11. Do mesmo xeito, o incumprimento de calquera das condicións e/ou obrigacións establecidas na presente Ordenanza, por parte dos usuarios, suporá a perda do seu dereito a continuar na posesión e goce do terreo cedido, e facultará ao Concello para revogar a autorización de uso concedida.

CAPÍTULO IV. INFRACCIÓN E SANCIÓN

Artigo 15º.- Responsabilidades.

As accións ou omisións que infrinxan o previsto na presente Normativa -sen prexuízo de que pidan dar lugar á revogación da autorización tal como se prevé no art. 14.11 e da responsabilidade en vía penal, civil ou doutra orde que poida derivar das mesmas-, poderán dar lugar á imposición de sancións.

Artigo 16º.- Tipos de infraccións.

Incorrerán en responsabilidade administrativa quen cometan calquera das infraccións tipificadas nos apartados seguintes deste artigo:

Son infraccións leves:

- A continuidade no uso da horta, unha vez notificada a baixa da mesma.
- Deixar de ser veciño/a e non solicitar a baixa.
- Non proceder ao mantemento das instalacións propias da súa horta, así como dos seus accesos.

- Levar a cabo cultivos non hortícolas, ou a plantación e/ou mantemento de plantas en lugares non permitidos, como froiteiros, arbustos, etc.
- Efectuar o peche da horta sen autorización municipal e/ou co uso de elementos non permitidos.
- Levar a cabo o estacionamento de vehículos en lugares non permitidos.
- Substraer auga de rega a outros usuarios sen permiso destes.
- Realización de captacións externas de auga para rega, sen autorización municipal.
- Incumprir os requisitos establecidos polo Concello, para levar a cabo prácticas de horticultura ecolóxica.

Son infraccións graves:

- Instalar elementos non permitidos, como chabolas, invernadoiros, chapas, bidóns, depósitos, etc.
- Danar ou substraer os bens municipais inherentes á horta.
- Alterar os límites establecidos para cada unha das hortas.
- Posuír, ou realizar accións de explotación ou cría de animais así como utilizar sementes ou plantas transxénicas.
- Alterar, manipular ou modificar a rede de rega e as súas instalacións sen autorización municipal.
- Transferir ou ceder o uso da horta, sen autorización municipal.
- O incumprimento por parte de cada usuario coas súas obrigacións dentro da comunidade ou agrupación de usuarios de hortas municipais, por exemplo, falta de pagamento de cota, ou outros compromisos.
- Impedir a libre inspección da horta e as súas instalacións, por parte de persoal municipal.
- Substraer bens municipais ou causar danos nas instalacións comúns das hortas, cuxo valor estea comprendido entre 50 e os 150 euros.
- A reiteración de calquera infracción leve.

Son infraccións moi graves:

- Establecemento ou realización de labores de cultivo de plantas psicotrópicas ou calquera outra non permitida pola lexislación vixente.
- Substraer bens municipais ou causar danos ó danos nas instalacións comúns das hortas, cuxo valor sexa superior aos 150 euros.
- Non restituír, nin desaloxar, en prazo, o terreo cedido, caso de acordarse polo Concello a revogación da autorización.
- A reiteración de calquera infracción grave.

Artigo 17º.- Procedemento sancionador.

Corresponde aos órganos municipais competentes a iniciación, instrución e resolución dos procedementos sancionadores.

Os feitos constatados pola policía municipal, ou o persoal do Departamento designado ao efecto, que se formalicen nos documentos de denuncia ou noutro documento público observando os requisitos legais pertinentes, terán valor probatorio sen prexuízo das probas que en defensa dos respectivos dereitos ou intereses poidan sinalar ou achegar os propios administrados.

Nos supostos en que as infraccións puidesen ser constitutivas de delito ou falta, a Administración pasará o expediente ao órgano xurisdiccional competente e absterase de proseguir o procedemento sancionador mentres a autoridade xudicial non se pronunciou. A sanción da autoridade xudicial excluírá a imposición de multa administrativa.

De non estimarse a existencia de delito ou falta, a Administración poderá continuar o expediente sancionador, con base, no seu caso, nos feitos que a xurisdición competente considere probados.

Artigo 18º.- Cadro de multas.

As infraccións ás que se refiren os artigos anteriores, serán sancionadas atendendo aos danos e prexuízos producidos, así e no seu caso, ao risco creado e á intencionalidade do causante, coas seguintes multas:

- Infraccións leves: multa de ata 750 euros.
- Infraccións graves: multa de ata 1.500 euros.
- Infraccións moi graves: multa de ata 3.000 euros.

O Concello poderá proceder á actualización das sancións sinaladas tendo en conta a variación dos índices de prezos ao consumo.

Se un mesmo feito estivese previsto en máis dunha lexislación específica aplicarase a disposición sancionadora de contía superior. A imposición de sancións será compatíbel coa esixencia ao infractor da reposición da situación alterada polo mesmo ao seu estado orixinario, así como coa indemnización polos danos e prexuízos causados.

Artigo 19º.- Prescrición de infraccións.

O prazo de prescrición das infraccións a que se refiren os artigos anteriores será de tres anos para as moi graves, dous anos para as graves, e seis meses para as leves.

Artigo 20º.- Indemnización de danos e prexuízos.

Toda persoa que cause danos nas hortas municipais ou instalacións anexas ás mesmas deberá indemnizalos con independencia das sancións que resultaren procedentes.

O sinalamento da contía dos danos e prexuízos causados en tales lugares ou instalacións corresponde ao Concello de Santiago de Compostela. A valoración ou valoracións serán trasladadas ao denunciado para que realice a súa ó presente as alegacións que considere oportunas.

O acordo de indemnización que conterà o sinalamento dos danos e prexuízos causados realizarase na resolución que poña fin ao expediente sancionador.

Os acordos de indemnización de danos e prexuízos, serán executivos nos prazos legalmente fixados, sen que a interposición do recurso suspenda a execución do acto impugnado, salvo que, conforme co ordenamento xurídico, así o ordene o órgano competente.

En caso de falta de pagamento da indemnización sinalada dentro do prazo establecido, o Concello procederá á súa esixencia pola vía de prema.

Artigo 21º.- Reparación de danos en caso de urxencia.

Nos supostos nos que, por motivos de seguridade ou calquera outros debidamente acreditados en resolución do órgano municipal competente, fágase inaprazábel a reparación de danos e prexuízos, poderá procederse á súa inmediata restitución e á esixencia posterior do importe correspondente ao causante dos mesmos, previa incoación do expediente sancionador a que se refiren os artigos precedentes ou acudindo á xurisdición ordinaria.

Artigo 22º.- Outras responsabilidades.

Sen prexuízo do previsto nos artigos anteriores, cando os feitos como consecuencia dos cales se derivaron os danos puidesen ser constitutivos de delito ou falta, remitírase o expediente á xurisdición penal, deixando en suspenso a tramitación e resolución dos correspondentes expedientes administrativos de esixencia de resarcimento, en tanto non se acorde o sobresemento da causa ou se dite sentenza firme, debendo constituírse como parte a administración local nas dilixencias xudiciais, caso de que se incoasen, ao obxecto de obter o resarcimento dos danos e prexuízos a que houber lugar mediante a presentación da avaliación a que se refire o artigo 20 anterior, relativo á indemnización de danos e prexuízos.

Disposición final 1.

En todo o non previsto nesta Ordenanza será de aplicación a Lei de Patrimonio das Administracións Públicas, Lei 3/2003 e o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

Disposición final 2.

A presente Ordenanza non entrara en vigor até que se publique integramente o seu texto no BOP e transcorran quince días e aplicárase mentres non se acorde a súa derogación ou modificación.